

Durante os 5 sábados do mes de maio proxectaremos no Auditorio Municipal de Vigo 5 filmes dirixidos ao público infantil e xuvenil.

Os títulos elixidos corresponden a filmes nos que o papel protagonista, e polo tanto activo no guión, o interpreta unha nena ou un grupo equitativo de rapaces e rapazas.

Sábados de maio, ás 11:30 h

Auditorio Municipal

Praza do Rei s/nº

Entrada de balde e libre ata completar as localidades

**A organización, resérvase o dereito de modificar o programa establecido.*

ORGANIZA: Concellería de Igualdade



Sábado, 3 de maio ás 11:30 h
“BRAVE (INDOMABLE)”



Ano: 2012

Duración: 100 minutos

Dirección: Brenda Chapman, Mark Andrews

País: Estados Unidos

Xénero: familiar, aventuras, fantasía

Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: Mérida é unha excelente arqueira e a impetuosa filla do rei Fergus e da raíña Elinor. Disposta a atopar o seu propio camiño na vida, Mérida desafia un ancestral costume sagrado dos señores da guerra. O comportamento de Mérida desencadea, sen quererlo, o caos e a furia no reino. Ademais, a princesa decide pedir axuda á excéntrica bruxa, quen lle concede un desexo que resultará nefasto.

Sábado, 10 de maio ás 11:30 h
“KIKA SUPERBRUXA. A VIAXE A MANDOLÁN”



Ano: 2011

Duración: 90 minutos

Dirección: Harald Sicheritz

País: España, Alemaña, Austria

Xénero: comedia, familiar, fantasía

Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: O reino de Mandolán pide axuda a Kika, a nena bruxa, para que viaxe ata este país exótico e o libere da maldición que pende sobre o trono. Antes de emprender esta longa e perigosa viaxe, a superbruxa Elviruja (xa retirada), lle aconsella que se leve ao fiel dragón Héctor. Xa en Mandolán debe loitar contra o conxuro que mantén ao rei Shanti pechado nun mundo escuro e inaccesible...

Sábado, 17 de maio ás 11:30 h
“ A CASA DA LUZ ”



Ano: 2008
Duración: 80 minutos
Dirección: Carlos Amil
País: Galicia
Idioma: galego
Xénero: comedia
Para o público infantil a partir de 9 anos

SINOPSE: Un grupo de nenos e nenas pasan as vacacións en Eiravella, unha localidade entre o rural e o urbano. Xogan con Duarte, un pintor e ex profesor de plástica, que de súpeto desaparece sen rastro. As nenas e nenos, descubren un cadro no que aparece Duarte, e entón comezan a desvelar o misterio da súa desaparición.

Baseada nunha novela do mesmo título de Xabier Docampo.

Sábado, 24 de maio ás 11:30 h
“ A MONTAÑA MÁXICA ”



Ano: 2009
Duración: 115 minutos
Dirección: Katarina Launing, Roar Uthaug
País: Noruega
Xénero: familiar, aventuras, fantasía
Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: A princesa Bluerose é unha pequena gnomo que vive nas montañas. Alí, unha comunidade de gnomos encárgase de controlar o paso da noite ao día grazas á prata máxica que posúen. Un día, un grupo de gnomos e humanos/as rouban a prata, condenando así ao mundo a vivir en penumbra para sempre. A princesa Bluerose embarcarase nunha increíble misión para recuperar a prezada prata.

Sábado, 31 de maio ás 11:30 h
“ CAMPAÑA: O SEGREDO
DAS FADAS ”



Ano: 2012
Duración: 92 minutos
Dirección: Peggy Holmes, Roberts Gannaway
País: Estados Unidos
Xénero: animación
Para o público infantil de todas as idades

SINOPSE: Para Campaíña e o resto das fadas da temporada cálida, o Bosque de Inverno segue a ser un lugar misterioso e prohibido. Acompañarémola nunha increíble viaxe a ese mundo prohibido onde descubrirá un segredo máxico que cambiará a súa vida para sempre.